



OBXECTIVO

CONSEGUIDO



SINDICATO INDEPENDENTE
SAIDA
 Data: 02-10-2009
 Nº Registro: 62.1001

SUBDELEGACIÓN DEL GOBIERNO DE LUGO
 Presentado este documento a las _____ horas del día **2 OCT. 2009**
 con identificación al nº _____ en el momento de la firma del presente documento en el Registro del Gobierno de Lugo, Galicia, España.

D. Julio Díaz Escolante, con D.N.I 33858617H como representante legal de **ANPE-GALICIA Sindicato Independente**, con endereço de notificación na rúa San Roque Nº 94-98, C.P 27002 de Lugo:

No contexto da campaña que ANPE-GALICIA vén realizando en defensa da **Autoridade e do Prestixio Docentes** na nosa Comunidade Autónoma, e perante unha moi deficiente cobertura xurídica do profesorado galego, solicitamos que desde a Consellería que vostede dirixe se faga un esforzo para potenciar a defensa e asistencia do colectivo docente creando, na liña de outras moitas comunidades, un **SERVIZO DE ASISTENCIA XURÍDICA AO PROFESORADO E UN SEGURO DE DEFENSA** particularmente deseñado para os docentes co único fin de axudalos e protexelos, de informalos e defendelos de calquera continxencia acaecida dentro ou fóra das aulas relacionada co desempeño da súa actividade laboral.

Santiago de Compostela, 02 de outubro de 2009


 SINDICATO INDEPENDENTE
ANPE
 Asdo.: JULIO DÍAZ ESCOLANTE
 PRESIDENTE ANPE-GALICIA

EXCMO.SR. CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DA XUNTA DE GALICIA

SAN C...

ANPE consegue un servizo de asistencia xurídica para o profesorado galego



OBXECTIVO CONSEGUIDO

ANPE CONSEGUE PARA O PROFESORADO GALEGO UN SERVIZO DE ASISTENCIA XURÍDICA.

ANPE-GALICIA dentro da súa campaña de defensa da autoridade e do prestixio docentes viña solicitando desde o ano 2009 a Administración Educativa galega un **SERVIZO DE ASISTENCIA XURÍDICA PARA O PROFESORADO E UN SEGURO DE DEFENSA**.

No contexto da campaña que **ANPE-GALICIA** viña realizando na defensa da autoridade e do prestixio docentes na nosa Comunidade Autónoma, e ante unha deficiente cobertura xurídica do profesorado galego, reclamabamos da Administración Educativa un esforzo para potenciar a defensa e atención do colectivo docente creando, na liña do xa ofertado noutras comunidades, un **SERVIZO DE ASISTENCIA XURÍDICA PARA O PROFESORADO GALEGO E UN SEGURO DE DEFENSA**, particularmente deseñado para os docentes co único fin de axudalos e protexelos, de informalos e defendelos de calquera contingencia acaecida dentro ou fóra das aulas relacionada co desempeño da súa actividade laboral.

O obxecto desta petición era a posta en funcionamento dunha solución para o profesorado que axudase a evitar a crecente problemática de conflictividade dentro e fóra das aulas **contra o persoal docente**.

O servizo tiña que garantir a atención ao profesorado nos procedementos xudiciais civís e/ou penais onde tivera que intervir, nos casos en que se tratara de actos ou omisións realizadas quer polo demandante-denunciante quer polo demandado-denunciado no exercicio dos seus cargos.

Solicitabamos que se dotase ó persoal docente dunha serie de prestacións asistenciais que o axudase a contar cunha boa asistencia xurídica que puidese necesitar en calquera episodio, e que se incrementasen os esforzos por parte da Administración na liña de aumentar a seguranza e a protección do profesorado.

Aplaudimos este paso adiante da Administración Educativa Galega e estamos firmemente convencidos de que todas as iniciativas que reforcen a protección dos docentes redundan no beneficio dos propios alumnos. Queremos transmitirles aos poderes públicos e á sociedade a importancia que para o sistema educativo ten a figura do profesor, xa que sen el non se podería desenvolver plenamente o dereito fundamental á educación establecido no artigo 27 da Constitución, que implica para os alumnos o dereito a aprender e para os docentes o dereito a ensinar.